

# Unha de cada nove persoas no noso planeta ten fame

- NO MUNDO HAI 795 MILLÓNS DE PERSOAS QUE NON CONTAN CON SUFICIENTES ALIMENTOS PARA LEVAREN UNHA VIDA SAUDABLE E ACTIVA, 216 MILLÓNS MENOS CA EN 1990
- O OBXECTIVO QUE SE IMPUXERON 189 NACIÓNS NO ANO 2000 PARA REDUCIR Á METADE A PROPORCIÓN DE PERSOAS DESNUTRIDAS NON SE CUMPRIU

● A fame é o principal risco relacionado coa saúde, ao que se enfrenta gran parte da poboación mundial. Cada ano, mata máis persoas que a sida, a malaria e a tuberculose xunta, segundo datos recentes do Programa Mundial de Alimentos (WFP, nas súas siglas en inglés).

A Organización das Nacións Unidas (ONU) lembra que a fame e unha nutrición pouco apropiada contribúen á morte prematura das nais, lactantes e nenos pequenos, e tamén ao desenvolvemento físico e cerebral deficiente dos mozos. Para Mans Unidas, a fame mata, mutila, obstaculiza o desenvolvemento, rebaixa os salarios, reduce a asistencia escolar e dificulta o crecemento económico.

Malia todo, impresiona saber que o mundo si é capaz de producir o suficiente para alimentar toda a poboación mundial de 7 mil millóns de persoas. E tamén que, ao mesmo tempo que hai xente que non ten nada que levar á boca, se producen outras formas de malnutrición que son completamente opostas á fame, como é a alimentación excesiva. Ano a ano, aumentan as taxas mundiais de sobrepeso e obesidade e, como consecuencia, tamén a prevalencia de enfermidades crónicas relacionadas, como a diabetes ou as doenzas cardiovasculares.

Entón, cal é o problema? Que é o que causa a fame? A pobreza, a falta de investimento agrícola, a inestabilidade dos mercados, o clima e os desastres naturais, as guerras e os desprazamentos, e o desperdicio de alimentos. Estes son os seis principais factores que, interrelacionados, explican por que existe a fame no mundo.

EROSKI CONSUMER quixo coñecer a situación da fame no mundo e a súa afección entre os máis pequenos. Para iso, realizou unha análise documental e utilizou diversas fontes: a Organización das Nacións Unidas (ONU), a Organización Mundial da Saúde (OMS), o Programa Mundial de Alimentos (WFP nas súas siglas en inglés) e a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO).





### COMPROMISOS INTERNACIONAIS

Neste ano 2015 farase balance e comprobarase se se cumpriron os dous compromisos internacionais na loita contra a fame.

O primeiro concretouse en 1996 en Roma, no Cume Mundial sobre a Alimentación (CMA). Representantes de 182 gobernos comprometéronse a “erradicar a fame en todos os países, co obxectivo inmediato de reducir á metade o número de persoas desnutridas, non máis tarde do ano 2015”.

O segundo refírese ao primeiro obxectivo de desenvolvemento do milenio (ODM 1), acordado en 2000 por 189 nacións. Entre as súas metas estaba a de “reducir á metade a proporción de persoas que padecen fame para o ano 2015”.

### OBXECTIVOS INCUMPRIDOS

Arredor de 795 millóns de persoas no mundo non contan con suficientes alimentos para levaren unha vida saudable e activa. Isto significa que unha de cada nove persoas pasa fame no noso planeta. Velaquí unha das conclusións principais do informe “Estado da inseguridade alimentaria no mundo

2015”, publicado pola FAO, a WFP e a FIDA (Fondo Internacional de Desenvolvemento Agrícola).

En liñas xerais, non se cumpriron os obxectivos internacionais establecidos. No ano 1990, había máis de 1000 millóns de persoas que pasaban fame, e esta cifra diminuíu en 216 millóns. Ademais, se se deixa a un lado o dato bruto e se se ten en conta a porcentaxe, a proporción de persoas subalimentadas respecto da poboación (o que chaman prevalencia da subalimentación) reduciuse do 19 % en 1990 ata o 11 % das estimacións entre 2014 e 2016.

Os factores que, segundo o informe, impediron uns resultados mellores teñen que ver con cuestións económicas (a volatilidade dos prezos dos produtos, o encarecemento xeral dos alimentos e da enerxía, as crecentes taxas de desemprego e as recesións económicas globais de finais da década de 1990 e dos anos posteriores a 2008), climáticas (fenómenos meteorolóxicos extremos e catástrofes naturais cada vez máis habituais) e políticas (a inestabilidade política e os conflitos civís provocaron un aumento sen precedentes de persoas desprazadas).

Aínda así, hai que ter en conta que, a pesar do aumento da poboación mundial en 1900 millóns de persoas, a prevalencia da subalimentación reduciuse un 42 % en todo o mundo e un 45 % nos países en desenvolvemento.

Neste sentido, merecen unha mención destacada a China e a India, como países grandes e moi poboados. Por si sós, representan o 81 % da redución total do número de persoas subalimentadas das rexións en desenvolvemento entre 1990 e 2015. E só a China supón case dous terzos do total, xa que pasou dos 289 millóns de persoas famentas entre 1990 e 1992 aos preto de 134 millóns das estimacións entre 2014 e 2015.

### EN DESENVOLVEMENTO

A gran maioría das persoas que pasan fame no mundo viven en países en desenvolvemento; é dicir, naqueles lugares cunha menor esperanza de vida, unha menor educación e menos diñeiro, pero cunha taxa de crecemento superior aos países desenvolvidos. Concretamente, calcúlase que nestas zonas hai ao redor de 780 millóns de persoas subalimentadas, o 13 % da poboación mundial.

Aínda así, un total de 72 países dos 129 considerados en desenvolvemento, e que foron obxecto de seguimento, reduciron á metade a proporción das persoas con fame entre 1990 e 2015 —co que cumpren o obxectivo ODM— e 29 deles tamén o número total —e, polo tanto, satisfán o obxectivo CMA—.

Segundo o estudo de FAO, FIDA e WFP, a maior parte deles gozaron de condicións políticas estables e crecemento económico, que adoitaban estar acompañados por políticas de protección social dirixidas aos grupos vulnerables da poboación.

### ASIA

Asia é o continente no que habita a maior cantidade de persoas con fame do mundo. En total, 512 millóns de persoas; é dicir, dous terzos do total de persoas subalimentadas (795 millóns). Concretamente, a rexión asiática máis afectada en termos absolutos é Asia meridional (Afganistán, Bangladesh, India, Irán, Maldivas, Nepal, Paquistán e Sri Lanka), con 281 millóns de persoas que sofren fame; é dicir, un 35 % do total mundial.

Nesta zona, India marca un punto de inflexión, xa que ela soa congrega preto de 195 millóns de persoas subalimentadas, un 25 % do total no mundo. Aínda así, a prevalencia no país mellorou e pasou dun 24 % en 1990 ao 15 % de persoas subalimentadas da actualidade.

Segundo o informe da FAO, FIDA e o Programa Mundial de Alimentos, este pequeno progreso débese á escasa influencia do encarecemento mundial dos alimentos nos prezos nacionais do país e aos resultados positivos dun programa ampliado de distribución de alimentos. Pero tamén indican que “o maior crecemento económico non se traduciu plenamente nun aumento do consumo de alimentos, e menos aínda nunha mellora das dietas en conxunto, o que podería indicar que as persoas pobres afectadas pola fame non conseguiron beneficiarse demasiado do crecemento xeral”.

### ÁFRICA

No entanto, se se deixan a un lado os termos absolutos, é en África onde hai unha maior prevalencia de poboación con fame, xa que alí unha de cada cinco persoas presenta desnutrición. O caso máis preocupante é o de África subsahariana. Nesta rexión, en 25 anos, o número de persoas con desnutrición aumentou en 44 millóns e, na actualidade, ascende a 220 millóns; polo tanto, a proporción de persoas subalimentadas é de arredor dunha de cada catro.

Para a ONU, a FAO e a FIDA, nesta rexión “a lentitude do avance na loita contra a fame ao longo dos anos resulta especialmente preocupante”. E enumeran tres factores que impiden reducir o número de persoas subalimentadas naquela zona: o encarecemento dos alimentos, as secas e a inestabilidade política dalgúns países.

### NOVOS COMPROMISOS

En setembro, celebrouse o Cume das Nacións Unidas sobre a Axenda de Desenvolvemento Sustentable de 2015. Alí, 193 líderes mundiais comprometéronse a alcanzar 17 obxectivos para lograr tres metas nos próximos 15 anos: acabar coa pobreza extrema, loitar contra a desigualdade e a inxustiza e solucionar o cambio climático. Propósitos que deberán alcanzar todos os países para todas as persoas.

+ [www.consumer.es](http://www.consumer.es)



## Nenos desnutridos e con problemas de crecemento

Os nenos son especialmente vulnerables á fame. Segundo Mans Unidas, os nenos subnutridos non crecen de forma tan rápida coma os nenos saudables e, mentalmente, poden desenvolverse máis lentamente. Ademais, a organización lembra que a fame constante debilita o sistema inmunitario e, polo tanto, fai que sexan máis vulnerables a enfermidades e infeccións.


As organizacións humanitarias calculan que a nutrición deficiente causa case a metade das mortes en nenos menores de cinco anos (3,1 millóns de nenos ao ano e preto de 8500 ao día). Salientan tamén que un de cada catro menores no mundo padece atraso no crecemento, porcentaxe que nos países en desenvolvemento se pode elevar a un de cada tres.

Ademais, Unicef estima que o 20 % dos nenos máis pobres do mundo teñen ao redor do dobre de probabilidades ca o 20 % dos máis ricos de sufriren atraso no crecemento debido á mala alimentación, e de morrer antes dos cinco anos.

Por último, para complementar esta amálgama de cifras impresionantes, segundo o Programa Mundial de Alimentos, 66 millóns de nenos en idade escolar primaria asisten á escola con fame nos países en desenvolvemento. E estiman que só en África hai 23 millóns.




MAPA DA FAME NO MUNDO, 2015



DATOS DA FAME (2015)

 1 de cada 9 persoas pasa fame no mundo







 1 de cada 8 persoas pasa fame nas rexións en desenvolvemento

 3,1 millóns de nenos ao ano morren por ter unha nutrición deficiente

NÚMERO E PROPORCIÓN DE PERSOAS SUBALIMENTADAS

	Número de persoas subalimentadas en 2014-2016 (millóns)	Proporción de poboación total subalimentadas en 2014-2016 (%)
<b>TODO O MUNDO</b>	<b>794,6</b>	<b>10,9</b>
<b>REXIÓN DESENVOLVIDAS</b>	<b>14,7</b>	<b>&lt; 5,0</b>
<b>REXIÓN EN DESENVOLVEMENTO</b>	<b>779,9</b>	<b>12,9</b>
ÁFRICA	232,5	20,0
AMÉRICA LATINA E O CARIBE	34,3	5,5
ASIA	511,7	12,1
OCEANÍA	1,4	14,2

LEENDA:

-  (<5 %) Moi baixa
-  (25 %-34,9 %) Alta
-  (5 %-14,9 %) Moderadamente baixa
-  (35 % e máis) Moi alta
-  (15 %-24,9 %) Moderadamente alta
-  Datos insuficientes ou non fiables

\*FONTE: Elaboración propia con datos do informe "O estado da inseguridade alimentaria no mundo 2015".